

Resolución da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública pola que se fai publica a adxudicación de destinos do proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local, escala básica, categoría de oficial, convocado por Orde do 26 de xullo de 2022.

Mediante a Orde do 26 de xullo de 2022 (DOG núm. 156 do 18/08/2022) convocouse o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local, escala básica, categoría de oficial.

O tribunal nomeado por Resolución do 21 de setembro de 2022 (DOG núm. 187 de 30 de setembro) e de acordo co establecido nas bases da convocatoria acordou facer pública e elevar á Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública a resolución do 23 de novembro de 2022 pola que se publicaron as puntuacións definitivas do referido proceso de provisión por mobilidade e a resolución da mesma data coa proposta de adxudicación de destino nos respectivos concellos segundo o concurso de méritos e o indicado na solicitude polas persoas aspirantes.

Atendendo a todo o anterior

RESOLVO

Primeiro.: Publicar a adxudicación de postos convocados nos corpos de policía local, escala básica, categoría de oficial, convocado por Orde do 26 de xullo de 2022 como anexo a esta resolución.

Segundo.: Comunicar e remitir aos concellos afectados a documentación completa das persoas con destino adxudicado para o seu cese e toma de posesión.

Tal e como dispón a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías Locais, no seu artigo 43.7, as persoas incluídas nesta resolución quedarán na súa administración de orixe na situación de servizos noutras administracións públicas.

O prazo de toma de posesión no destino adxudicado será de tres días hábiles se non comporta implica cambio de residencia do funcionario, e de sete días hábiles se comporta cambio de residencia.

O prazo de toma de posesión comezará a contarse a partires do día seguinte ao cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación desta resolución na páxina web da Agasp.



Esta resolución, segundo o indicado no artigo 17 da Lei 1/2017, de 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, esgota a vía administrativa e poderá ser obxecto de recurso de reposición ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Na Estrada, na data da sinatura electrónica

O director xeral da Agasp

Santiago Villanueva Álvarez

ANEXO

NIF	NOME	PRIMEIROAPELIDO	SEGUNDO APELIDO	PRAZA
368	DAVID	VILLAR	PINEIRO	Oficial do Concello de Vigo

